



O Porriño

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

## **Moción sobre o Centro de servizos ao Transporte en Torneiros**

O Consorcio da Zona Franca de Vigo está a proxectar a **instalación dun centro de servizos para o transporte** na parroquia de Torneiros. Este centro de servizos está pensado como unha gran área de descanso dotada de equipamentos para dar servizo ás persoas profesionais do transporte. Comprende, segundo as informacións avanzadas polo Consorcio da Zona Franca, 25 hectáreas e afecta pola súa proximidade tanto a vivendas particulares como ao polígono residencial de Torneiros. Ocuparíanse tamén terreos inundables e bosques de ribeira do río Louro, río Laxes os seus regos, co risco que supón para a flora e fauna do lugar.

O bng do Porriño ante a falla de información trasladada pola zona Franca iniciou unha rolda de reunións tanto cos promotores da iniciativa ( Zona Franca de Vigo o día o 10/03/22) como coa xunta de Montes de Montes e A.A V.V de San Salvador de Torneiros ( o día 16/03/22), a A.A. V.V de dos polígono residenciais ( o día 08/04/22) e a Asociación de Transportes de Pontevedra ( o día 12/04/22), para coñecer tres aspectos que consideramos fundamentais antes de tomar unha decisión sobre a necesidade e idoneidade da localización proposta.

Primeiro.- Ter información, directa dos promotores, dos criterios que levaron a escolla do Porriño e concretamente en Torneiros a a localización do Centro de Servizos ao Transporte.

Da escasa información trasladada pola Zona Franca concluímos que o factor determinante para situar no emprazamento proposto o Centro se Servizos son as boas comunicación coas vías de alta capacidade como son a AP-9 e a A-55, sen ter en conta a súa proximidade as zonas residenciais da parroquia de Torneiros e súa afección ao medio natural.

Segundo.- Coñecer dos e das representantes veciñais a súa valoración e coñecemento do proxecto que Zona Franca pretende impulsar.

Nestas reunión os veciños e veciños trasladáronnos a súa preocupación e sobre todo a falla de información sobre a dimensión do proxecto e as posibles afectacións as vivendas e a vida cotiá das persoas veciñas de Torneiros.

Terceiro.- Coñecer a opinión do sector de transportistas.



O Porriño

## BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Desta reunión concluímos que o sector leva anos demandando un centro de transportes que dignifique a vida dos profesionais do Transportes e termine co caos actual a hora de estacionar os vehículos pesados na contorna da cidade de Vigo e comarca pero que tamén teñen falla de información detallada do proxecto. Mais consideran que o emprazamento que se propoña non debería estar a carón das zonas residenciais.

Unha vez rematada as reunións cos colectivos afectados e promotores a Asemblea Local do Bloque Nacionalista Galego do Porriño considera que o sector do transporte de mercadorías por estrada debe contar cun área de servizos ao transporte adecuada e consensuada cos profesionais do sector, mais non pode situarse a carón dunha zona residencial e con afección ao medio natural irreversíbeis, estas áreas de servizo ao transporte deberíanse situar en emprazamentos industriais.

**Tendo en conta o exposto mais arriba e polo que o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego do Porriño presenta ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**Primeiro.-** Acordar o rexeitamento á construción do **Centro de Servizos ao Transporte** en Torneiros proposto polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.

**Segundo.-** Instar a Consellería de Infraestruturas e mobilidade da xunta de Galiza a que non aprobe o **proxecto sectorial de incidencia supramunicipal** proposto polo Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Centro de Servizos ao Transporte de Torneiros – o Porriño.

**Terceiro.-** Dar traslado destes acordos á Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galiza e a presidencia do Consorcio da Zona Franca de Vigo

O Porriño, 21 de abril de 2022

Alcalde- presidente do Concello do Porriño  
Secretaría Xeral do Concello do Porriño